



PROTOCOLO DA FACULDADE DE SOCIOLOXÍA, PARA O EXERCICIO DO DEREITO Á IDENTIDADE DE XÉNERO. (Aprobado en Comisión Académica-Docente, de Relacións Internacionais e de Garantía de Calidade, na súa sesión ordinaria do 4 de novembro de 2021 e na sesión ordinaria de Xunta de Facultade o 5 de novembro de 2021)

Antecedentes:

O artigo 5 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de tratamento e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia dispón que co fin de garantir a plena igualdade por razón de orientación sexual e identidade de xénero, os poderes públicos poderán adoptar medidas específicas en favor das persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais «destinadas a previr ou a compensar as desvantaxes que lles afectaren».

A Universidade da Coruña, conta cun regulamento sobre “o exercicio do dereito á identidade de xénero”, aprobado polo Consello de Goberno o 28 de setembro de 2017. Entre as medidas que a UDC pode adoptar para garantir o dereito á intimidade e o respecto á identidade de xénero das persoas que integran a comunidade universitaria encóntrase a garantía do dereito de todas as persoas de accederen aos servizos e á Administración universitaria de acordo coa súa identidade de xénero manifestada, o dereito a obter as acreditacións acordes coa identidade de xénero manifestada cando estas sexan precisas para acceder aos servizos universitarios, ao uso libre do nome elixido distinto do rexistral para todas as actuacións da UDC, á garantía da confidencialidade de todos os datos relativos á identidade de xénero e a que, igualmente, o exercicio deses dereitos non estea condicionado a diagnóstico, exame, intervención ou tratamento médico ningún.

- Artigo 1 Todas as persoas que integran a comunidade universitaria teñen dereito a elixir e manifestar a súa identidade de xénero, de conformidade co que establece este regulamento.
- Artigo 2 Nas súas relacións coa Universidade da Coruña, todas as persoas teñen dereito a acceder aos servizos e actividades universitarias de acordo coa identidade de xénero manifestada e co nome distinto do rexistral que, en correspondencia, indicaren.

Este dereito exercerase por medio dunha comunicación persoal dirixida á Secretaría Xeral da UDC, sen necesidade de diagnóstico, exame, intervención ou tratamento de ningunha clase.

Con independencia de que nas bases de datos da UDC se manteñan os datos de identidade rexistrais, en toda comunicación persoal ou publicación que a

Código Seguro De Verificación	3Vo5Ss81hdsZhiaCQ5ZAbg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Montserrat Golías Pérez	Asinado	11/11/2021 14:52:41
Observacións	Decano/a Facultade de Socioloxía - Raquel Martínez Buján	Asinado	11/11/2021 14:27:40
Uri De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3Vo5Ss81hdsZhiaCQ5ZAbg==	Páxina	1/3
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Universidade realice figurará o nome elixido e/ou, de ser o caso, o número do seu documento de identidade.

A Universidade da Coruña garante a confidencialidade dos datos relativos á identidade de xénero das persoas integrantes da comunidade universitaria.

- Artigo 3 No caso de servizos ou instalacións diferenciadas por sexo, as persoas que exercesen o dereito regulado no artigo anterior accederán aos que se correspondan coa identidade de xénero manifestada, incluídos os aseos e vestiarios.
- Artigo 4 A UDC facilitaralles a todas as persoas que así o soliciten acreditacións ou certificacións de identidade acordos co nome elixido de conformidade co previsto neste regulamento.
- Artigo 5 A Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC elaborará os protocolos e actividades formativas precisos para a efectividade dos dereitos recoñecidos neste regulamento.

Ao abeiro desta norma, o decanato da Facultade de Socioloxía, leva a cabo diversas accións de apoio ao alumnado:

- Información ao alumnado sobre o Regulamento da UDC, para o exercicio do dereito a identidade de xénero, dende o curso 2017/18.
- Accións para o respecto á identidade de xénero no Grao en Socioloxía, dende o curso 2017/2018
- Incorporación dende o curso 2020/2021, da Representante de Igualdade do centro, como figura do Plano de Acción Titorial.

Protocolo da Facultade de Socioloxía

O presente protocolo, pretende formalizar e sistematizar as accións desenvolvidas dende o curso 2017/2018, así como apoiar ao alumnado, e respectar a súa identidade, mentres se resolve a solicitude presentada á Secretaría Xeral de acordo ao Regulamento da UDC.

O ámbito de aplicación será a Facultade de Socioloxía, e está dirixido ao alumnado de todas as titulacións.

A dirección do centro, comprométese a implementar este protocolo, cando sexa necesario, así como apoiar a persoas responsables para o seu cumprimento.

A posta en marcha das accións que contempla este protocolo, será responsabilidade da Representante de Igualdade (nomeada pola Vicerreitora de Igualdade da UDC) do centro, no marco do Plan de Acción Titorial.

Código Seguro De Verificación	3Vo5Ss81hdsZhiaCQ5ZAbg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Montserrat Golías Pérez	Asinado	11/11/2021 14:52:41
	Decano/a Facultade de Socioloxía - Raquel Martínez Buján	Asinado	11/11/2021 14:27:40
Observacións	Vicedecana de Calidade	Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3Vo5Ss81hdsZhiaCQ5ZAbg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Desenvolvemento do protocolo:

- O alumnado, que queira facer valer o seu nome sentido, ou elixido, deberá pórse en contacto coa devandita representante, que informará sobre o regulamento existente na UDC e o trámite para a solicitude de uso do nome distinto ao rexistral.
- A persoa poderá realizar a solicitude dende o rexistro electrónico da Facultade, co apoio da Secretaría Administrativa do Decanato.
- En respecto a confidencialidade, o alumnado deberá manifestar o seu acordo coas accións que se levarán a cabo dende o centro.
- Unha vez realizada a solicitude formal, e co consentimento da persoa interesada, o centro, na figura da representante de igualdade, levará a cabo as seguintes medidas:
 1. Ao inicio de curso, solicitarase á secretaría do decanato que mude o nome nas listaxes de grupos que se achegan ao profesorado.
 2. Enviarase un correo electrónico ao profesorado das materias en que está matriculado ou matriculada, solicitando o uso do nome elixido e identidade (á espera de que se faga esta modificación dende a Secretaría Xeral da UDC). Isto aplícase por parte do profesorado na documentación relativa ás materias, listaxe de grupos de traballo, de cualificacións, etc. E por suposto na aula.
 3. Informarase ao PAS, fundamentalmente dos servizos utilizados polo alumnado (secretaría de estudantes, biblioteca ou conserxería), para que se dirixan co nome axeitado.
 4. A dirección do centro, tanto nas comunicacións como nas documentacións internas, deberá dirixirse co nome que fixo constar na súa solicitude.
 5. O alumnado nesta situación poderá identificarse con seu nome elixido, nas comunicacións co profesorado e os distintos servizos do centro, así como nos documentos de exame, traballos e prácticas,

A aprobación deste protocolo supón un compromiso de cumprimento por parte de toda a comunidade da Facultade de Socioloxía.

Estas accións non eximen doutras que se poidan ofrecer dende o centro (PAT) ou dende outros servizos da UDC (OIX, CUFIE, UDC Saudable,...)

A Coruña, 5 de novembro de 2021

Asdo,

Raquel Martínez Buján
Decana da Facultade de Socioloxía

Montserrat Golías Pérez
Vicedecana de Calidade

Código Seguro De Verificación	3Vo5Ss81hdsZhiaCQ5ZAbg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Montserrat Golías Pérez	Asinado	11/11/2021 14:52:41
	Decano/a Facultade de Socioloxía - Raquel Martínez Buján	Asinado	11/11/2021 14:27:40
Observacións	Vicedecana de Calidade	Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3Vo5Ss81hdsZhiaCQ5ZAbg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

